| CA1.5 - Analizar a importancia do compoñente emocional, tomando conciencia da súa repercusión na aprendizaxe e desenvolvendo estratexias que o melloren. | Analiza axeitadamente o compoñente emocional, tomando conciencia da súa repercusión na aprendizaxe. | | |
| CA2.1 - Analizar e comprender no desenvolvemento evolutivo das persoas as principais características da madurez que conforman a persoa nos distintos planos: físico, cognitivo, social, emocional e sexual. | Comprende ben os distintos planos que conforman a persoa no seu desenvolvemento evolutivo. | | |
| CA2.2 - Identificar calidades persoais e sociais propias e dos demais reflexionando sobre a importancia de potenciar aquelas que permitan afrontar novos retos eficazmente e de modo progresivamente autónomo, e faciliten así o proceso de transición da adolescencia á vida adulta. | Identifica calidades persoais e sociais propias e dos demais. | | |
| CA2.7 - Analizar a diversidade persoal, social e cultural desde distintas perspectivas a partir do coñecemento que proporcionan as ciencias humanas e sociais, mostrando actitudes de respecto e empatía polo diferente, e valorando a equidade e a non discriminación. | Analiza a diversidade persoal, social e cultural desde distintas perspectivas, mostrando actitudes de respecto e empatía polo diferente. | | |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|----|
| CA2.8 - Valorar a diversidade desde o respecto, a inclusión e a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres, considerándoa un elemento enriquecedor no ámbito persoal, social e cultural. | Valora a diversidade, a inclusión e a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres. | | |
| CA3.2 - Explorar a contorna próxima identificando as oportunidades académicas e profesionais que ofrece, valorando aquelas que mellor se adaptan ás calidades e intereses persoais e potenciando o espírito de iniciativa e superación. | Identifica ben as oportunidades académicas e profesionais do contorno. | | |
| CA2.3 - Mellorar o desempeño persoal, social e académico aplicando estratexias de aprendizaxe e xestión emocional que permitan maior control sobre as accións e as súas consecuencias. | Aplica estratexias de aprendizaxe e xestión emocional para mellorar o desempeño persoal, social e académico. | | |
| CA2.4 - Desenvolver estratexias e habilidades que faciliten a adaptación a novos grupos e contextos a partir do coñecemento social e antropolóxico do ser humano. | Desenvolve axeitadamente estratexias e habilidades que faciliten a adaptación a novos grupos e contextos. | | |
| CA2.5 - Realizar un proxecto persoal, académico e profesional propio e aproximarse ao proceso de procura activa de emprego, priorizando as necesidades e descubriendo os intereses persoais e vocacionais mediante a exploración das oportunidades académicas e profesionais que ofrece a contorna presencial e virtual, e desenvolvendo as destrezas necesarias no proceso de toma de decisións. | Descubre os intereses persoais e vocacionais mediante a exploración das oportunidades académicas e profesionais que ofrece a contorna presencial e virtual. | | |
| CA2.6 - Explorar a contorna próxima identificando as oportunidades académicas e profesionais que ofrece, valorando aquelas que mellor se adaptan ás calidades e intereses persoais e potenciando o espírito de iniciativa e superación. | Valora e identifica as oportunidades académicas e profesionais que ofrece o contorno. | TI | 50 |
| CA3.1 - Realizar un proxecto persoal, académico e profesional propio e aproximarse ao proceso de procura activa de emprego, priorizando as necesidades e descubriendo os intereses persoais e vocacionais mediante a exploración das oportunidades académicas e profesionais que ofrece a contorna presencial e virtual, e desenvolvendo as destrezas necesarias no proceso de toma de decisións. | Descubre os intereses persoais e vocacionais mediante a exploración das oportunidades académicas e profesionais que ofrece a contorna presencial e virtual, e realiza un proxecto persoal, académico e profesional propio. | | |
| CA3.5 - Mellorar o desempeño persoal, social e académico aplicando estratexias de aprendizaxe e xestión emocional que permitan maior control sobre as accións e as súas consecuencias. | Aplica estratexias de aprendizaxe e xestión emocional que permitan mellorar o desempeño persoal, social e académico. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - O proceso de aprendizaxe e formación desde as ciencias sociais. - Aprendizaxe e procesos psicolóxicos involucrados: atención, motivación, memoria. - Estratexias de aprendizaxe e estilos de aprendizaxe. |

Contidos

- A aprendizaxe desde a socioloxía: aprendizaxe formal institucionalizada, non formal e informal.
- A formación cara á vida adulta: características persoais, habilidades sociais e de organización e xestión, traballo en equipo.
- Autocoñecemento, autonomía persoal e autopercepción. Estilo atribucional. Capacidade autocrítica. Iniciativa persoal. Pensamento creativo. Conianza, perseveranza e seguridade nun mesmo. Estratexias para enfrontarse ao fracaso e á frustración.
- Habilidades sociais e habilidades de comunicación. Estratexias para superar as eivas de comunicación.
- Ferramentas dixitais na interacción cos demais. Pegada e reputación dixital. Xestión de identidades dixitais: persoal e profesional.
- Habilidades de organización e xestión.
- Os equipos de traballo. O liderado como trazo da personalidade. O conflito: concepto, causas, tipos e resolución. A negociación.
- A formación académica.
- Programas, oportunidades e axudas para a formación. Servizos de orientación académica.
- Información sobre a estrutura do sistema educativo.
- Itinerarios académicos: información sobre as opcións para cursar no bacharelato, na FP e nos estudos superiores.
- Itinerarios académico-profesionais: información sobre traxectorias académico-profesionais na lexislación vixente.
- A formación profesional.
- Servizos de orientación profesional. Orientación académico-profesional para a igualdade de oportunidades.
- A transición á vida activa.
- Valoración da importancia da formación permanente para a traxectoria laboral e profesional.
- Información xeral sobre sectores económicos e produtivos.
- Retos da revolución dixital.
- O emprendedurismo: emprendemento e intraemprendemento.
- Participación social activa.
- Colaboración e voluntariado.
- O proxecto persoal: o autoconecemento.
- Plans de autoconecemento e de formación académica e profesional.
- O proxecto persoal académico-profesional: as aspiracións profesionais.
- Aspiracións e metas: definición do obxectivo que se quere conseguir.
- Identificación de intereses, capacidades, motivacións e aptitudes persoais para o proxecto profesional ao que aspiramos.
- Identificación dos itinerarios académicos e profesionais que se poden seguir.
- Axudas e recursos para superar carencias e afrontar retos persoais: probas obxectivas e test psicométricos.

Contidos

- A toma de decisión na orientación académica e profesional.
- Avaliación das alternativas e da decisión tomada.
- Aproximación a un plan de busca activa de emprego con proxección cara ao futuro.
- Análise dos intereses, aptitudes e motivacións persoais para a carreira profesional.
- Identificación de itinerarios formativos relacionados.
- Definición e análise do sector profesional.
- Os distintos tipos de emprego.
- Traballo por conta allea e traballo por conta propia.
- O traballo na Administración pública.
- Oportunidades de aprendizaxe e emprego en Europa.
- Axudas e recursos para superar carencias e afrontar retos profesionais: axudas e subvencións á creación de empresas.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|----------------------|----------|
| 7 | O mundo do traballo. | 20 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|----|
| CA1.7 - Desenvolver estratexias e habilidades que faciliten a adaptación a novos grupos e contextos a partir do coñecemento social e antropolóxico do ser humano. | Desenvolve estratexias e habilidades que facilitan a adaptación a novos grupos e contextos. | PE | 50 |
| CA3.1 - Realizar un proxecto persoal, académico e profesional propio e aproximarse ao proceso de procura activa de emprego, priorizando as necesidades e descubriendo os intereses persoais e vocacionais mediante a exploración das oportunidades académicas e profesionais que ofrece a contorna presencial e virtual, e desenvolvendo as destrezas necesarias no proceso de toma de decisións. | É capaz de realizar un proxecto persoal, académico e profesional propio e aproximarse ao proceso de procura activa de emprego. | | |
| CA2.6 - Explorar a contorna próxima identificando as oportunidades académicas e profesionais que ofrece, valorando aquelas que mellor se adaptan ás calidades e intereses persoais e potenciando o espírito de iniciativa e superación. | Valora e identifica as oportunidades académicas e profesionais que ofrece o contorno. | TI | 50 |
| CA3.2 - Explorar a contorna próxima identificando as oportunidades académicas e profesionais que ofrece, valorando aquelas que mellor se adaptan ás calidades e intereses persoais e potenciando o espírito de iniciativa e superación. | Identifica as oportunidades académicas e profesionais que ofrece a contorna. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none">- A psicoloxía social.- O desenvolvemento individual dentro do grupo.- Concepto de sociedade e o ser humano como ser social.- Proceso de socialización e axentes de socialización: familia, grupos, institucións, asociacións e organizacións.- Vida en sociedade.- A formación profesional.- A transición á vida activa.- Valoración da importancia da formación permanente para a traxectoria laboral e profesional.- Información xeral sobre sectores económicos e produtivos.- Retos da revolución dixital.- O emprendedurismo: emprendemento e intraemprendemento.- Participación social activa.- Colaboración e voluntariado.- O proxecto persoal académico-profesional: as aspiracións profesionais.- Identificación de intereses, capacidades, motivacións e aptitudes persoais para o proxecto profesional ao que aspiramos.- Avaliación das alternativas e da decisión tomada.- Aproximación a un plan de busca activa de emprego con proxección cara ao futuro.- Análise dos intereses, aptitudes e motivacións persoais para a carreira profesional.- Definición e análise do sector profesional.- Fontes de información.- Estratexias, instrumentos e proceso da busca de emprego en empresas do sector.- Fontes de procura de emprego. Información xeral para a busca activa de emprego e de alternativas.- A oferta de traballo. Selección de ofertas e perfil da persoa candidata.- Información sobre a elaboración e presentación da carta de presentación e do currículo persoal: tipos e contido.- A entrevista de traballo.- Os distintos tipos de emprego.- Traballo por conta allea e traballo por conta propia.- O traballo na Administración pública. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|---------------------|----------|
| 8 | A busca de emprego. | 20 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|----|
| CA3.1 - Realizar un proxecto persoal, académico e profesional propio e aproximarse ao proceso de procura activa de emprego, priorizando as necesidades e descubriendo os intereses persoais e vocacionais mediante a exploración das oportunidades académicas e profesionais que ofrece a contorna presencial e virtual, e desenvolvendo as destrezas necesarias no proceso de toma de decisións. | Descubre os intereses persoais e vocacionais mediante a exploración das oportunidades académicas e profesionais que ofrece a contorna presencial e virtual, e realiza un proxecto persoal, académico e profesional propio. | PE | 50 |
| CA2.6 - Explorar a contorna próxima identificando as oportunidades académicas e profesionais que ofrece, valorando aquelas que mellor se adaptan ás calidades e intereses persoais e potenciando o espírito de iniciativa e superación. | Valora e identifica as oportunidades académicas e profesionais que ofrece o contorno. | TI | 50 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - A formación profesional. - A transición á vida activa. - Valoración da importancia da formación permanente para a traxectoria laboral e profesional. - Información xeral sobre sectores económicos e produtivos. - Retos da revolución dixital. - O emprendedurismo: emprendemento e intraemprendemento. - Participación social activa. - Colaboración e voluntariado. - O proxecto persoal académico-profesional: as aspiracións profesionais. - Identificación de intereses, capacidades, motivacións e aptitudes persoais para o proxecto profesional ao que aspiramos. - Axudas e recursos para superar carencias e afrontar retos persoais: probas obxectivas e test psicométricos. - A toma de decisión na orientación académica e profesional. - Avaliación das alternativas e da decisión tomada. - Os distintos tipos de emprego. - Oportunidades de aprendizaxe e emprego en Europa. |

Contidos

- Axudas e recursos para superar carencias e afrontar retos profesionais: axudas e subvencións á creación de empresas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao tratarse dunha materia nova, é importante comezar a distintas unidades facendo preguntas interactivas para detectar os coñecementos previos e o grao de interese que esperta no grupo. Habitualmente pode lerse un pequeno texto do libro, unha nova dun xornal ou un pequeno vídeo para centrar a atención. No desenvolvemento das clases e da materia, se promoverá a realización de actividades de comprensión, análise, razoamento, aplicación, cálculo e interpretación de textos, gráficos, e vídeos. Se tratará de este xeito empregar información en diferentes soportes e o emprego das TIC.

Despois de explicar os conceptos necesario faranse as actividades propostas na clase, xa que a maioría das veces precisan aclaracións. Deste xeito se asimilan mellor os conceptos explicados durante a clase. Tamén permite a interacción e participación dos rapaces xa que se axudan entre eles. Deste xeito o profesor pode observar e rexistrar a información que precisa para o seguimento do proceso de aprendizaxe e a avaliación.

Tamén se realizarán traballos en pequenos grupos ou individuais para desenvolver técnicas de investigación, a capacidade do alumnado de aprender por si mesmo, e as habilidades para se expresar correctamente en público, xa que faranse exposición orais empregando apoios informáticos e visuais.

O libro é un pilar fundamental como guía da materia.

A Aula Virtual será o lugar fundamental para presentar o material complementario e facer a entrega de traballos do alumnado.

Empregarase un enfoque fundamentalmente práctico dados os obxectivos da materia. Unha parte da clase explicaranse contidos necesarios, o resto se realizarán as actividades, fichas, debates, procuras en internet ou partes do proxecto profesional. Pode ser un 50% da clase, as veces máis.

Por este motivo impartiranse na aula de informática na medida do posible. Tamén se empregará o proxector de aula.

As actividades ou fichas se realizarán de xeito individual para poder observar as dificultades e os progresos do alumnado. O proxecto profesional será en grupos pequenos de dous ou tres persoas, tendo en conta o número de alumnos/as e de equipos.

Os tipos de actividades e sistemas empregados serán os seguintes:

- * Textos e vídeos cunha finalidade introdutoria, motivadora ou expositiva.
- * Realización de actividades ou traballos individuais e en grupo.
- * Procura de información empregando prensa, internet, etc.
- * Debates e discusión de ideas en grupo.
- * Elaboración de materiais empregando as novas tecnoloxías: textos, follas de cálculo, presentacións en powerpoint, carteis, blog, páxina web, etc.
- * Proxección de fragmentos de documentais ou películas con batería de preguntas ou debate posterior.
- * Exposicións públicas na clase de traballos escritos ou presentacións en powerpoint.
- * Realización do proxecto emprendedor sinxelo en grupos pequenos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

O eixo principal será o libro de texto (Formación y orientación personal y profesional, Abelardo Fernández Bagüés. Ed. McGraw Hill, 2023)

Os apuntamentos, enlaces, gráficos e esquemas subidos á aula virtual serán material complementario.

Recursos web:

<https://sites.google.com/site/educandoyemprendiendo/>

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Se realizará un cuestionario inicial con preguntas cortas e abertas a comentar oralmente co alumnado para presentar a materia e para coñecer o nivel de motivación pola materia. Tamén pode axudar a detectar problemas na competencia lingüística e matemática.

Ao comenzar cada tema, farase unha avaliación inicial do mesmo.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | Total |
|-----------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 13 | 13 | 13 | 13 | 12 | 12 | 12 | 12 | 100 |
| Proba escrita | 50 | 50 | 50 | 50 | 50 | 50 | 50 | 50 | 50 |
| Táboa de indicadores | 50 | 50 | 50 | 50 | 50 | 50 | 50 | 50 | 50 |

Criterios de cualificación:

Instrumentos de avaliación.

Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos, nas avaliacións continua e final serán os criterios de avaliación e os contidos asociados.

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de educación de secundaria obrigatoria será continua, formativa e integradoras.

No proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno/a non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso de aprendizaxe.

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado deberá ser integradora, e deberá terse en conta a consecución dos obxectivos establecidos e do desenvolvemento das competencias correspondentes, tendo en conta os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe.

Estableceranse as medidas máis axeitadas para que as condicións de realización das avaliacións, incluída a avaliación final de etapa, se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas. Estas adaptacións non se terán en conta en ningún caso para minorar as cualificacións obtidas.

Para cada avaliación:

Para o cálculo da nota final de cada avaliación terase en conta os traballos, exames e traballo diario da seguinte forma:

- Realizarase un exame por Unidade didáctica, ademais da posibilidade de realizar outras probas durante o período. En caso de non alcanzar o 5 no primeiro exame, o profesor podería realizar unha recuperación antes de terminar a avaliación, de ser posible.
- A ponderación dos exames na nota da avaliación será do 50%.
- A ponderación dos traballos na nota da avaliación será do 50%.

Cualificación final.

En xuño, a nota final será a media ponderada das cualificacións obtidas nas diferentes unidades didácticas, debendo alcanzar un 5 pra considerarse superada a materia.

Será a media ponderada das probas de todas as unidades didáctica, non das tres avaliacións.

Redondearase ó número enteiro máis próximo.

De non acadar esa nota de 5:

- A avaliación negativa na recuperación de cada Unidade Didáctica suporá que esa parte da materia queda pendente

para unha recuperación final en xuño.

Cráterios de recuperación:

En caso de non alcanzar o 5 nun primeiro exame, realizarase unha recuperación da UD antes de terminar a avaliación, de ser posible. Todo alumno cualificado con menos de 40% da puntuación no exame terá obriga de presentarse ou obterá un 0.

Por necesidades de calendario, a última recuperación pode fusionarse coa recuperación final da materia.

De non acadar esa nota de 5:

- A avaliación negativa na recuperación de cada Unidade Didáctica suporá que esa parte da materia queda pendente para unha recuperación final en xuño.

6. Medidas de atención á diversidade

De ser preciso, desenvolveranse as seguintes medidas de atención á diversidade:

Ordinarias. Aquelas que faciliten a adecuación do currículo, sen alteración significativa dos obxectivos, contidos nin criterios de avaliación, ao contexto do centro e ás características do alumnado. Teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.

- Adecuación da xestión da aula ás características do alumnado, procurando a participación, o acceso aos recursos, favorecendo a convivencia e aprendizaxe compartida.

- Adecuación da programación didáctica ao alumnado e circunstancias do seu contorno. Logo de identificadas as barreiras (accesibilidade física, sensorial, cognitiva e emocional) deseñaranse actividades partindo dos principios do deseño universal de aprendizaxe para que as aprendizaxes sexan accesibles.

- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxes por proxectos.

- Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación ás circunstancias do alumnado, tales como, forma de comunicación co alumnado, secuenciación de tarefas, verificación da comprensión das tarefas, dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos, concesión do tempo necesario. Aplicaranse as propostas recollidas nos plans, proxectos, programas, guías e protocolos elaborados pola Consellería.

- Aulas de atención educativa e convivencia. No caso de ser preciso derivar alumnado, o profesorado proporcionará as tarefas que debe realizar, que serán corrixidas e avaliadas.

- Reforzo educativo. Posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no progreso do alumnado.

- Programas de enriquecemento curricular para o alumnado que presenta altas capacidades intelectuais.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---------------------------------|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión lectora | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - Competencia dixital | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.5 - Creatividade | | | | X | | X | | X |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.6 - Emprendemento social e empresarial | | | | X | X | X | X | X |
| ET.7 - Fomento do espírito crítico e científico | X | X | X | X | | | | |
| ET.8 - Educación emocional e en valores | X | X | X | X | X | | | |
| ET.9 - A igualdade de xénero | X | X | X | X | X | X | X | X |

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--|---|----------|----------|----------|
| Saída o Campo da Rata. | A obra dun emprendedor: Isaac Díaz Pardo. | X | | |
| Charla/obradoiro: "A publicidade dos alimentos". | Programa da OMIC. | | X | |
| Visita ó embalse de Cecebre | Programa de COAWA | | X | |
| Charla/obradoiro: "Comercio de proximidade". | Programa da OMIC. | | | X |
| Charla/obradoiro: Educación financeira. | Programa da Fundación JAES | | | X |
| Charla/obradoiro: "Para que serve a economía?" | Programa A Ponte, da USC. | | X | X |

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Elabora as unidades didácticas utilizando como referente a programación didáctica da materia. |
| Planifica, coa antelación suficiente e tendo en conta a dispoñibilidade do alumnado, o calendario de probas a realizar segundo a tipoloxía. |
| Rexistra e avalía o seguimento da súa propia actuación no desenvolvemento das clases. |
| Metodoloxía empregada |
| Ofrece ao alumnado múltiples formas de presentación dos contidos e de acción e expresión. |
| Emprega as tecnoloxías da información e da comunicación na aula como medio didáctico para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe. |
| Emprega na aula un discurso que estimula e mantén o interese do alumnado polos contidos obxecto de estudo. |
| Emprega instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe. |

| |
|--|
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| Relaciona os contidos da materia cos feitos da actualidade. |
| Participa en actividades de formación dirixidas á actualización de coñecementos científico-técnicos, didácticos e/ou psicopedagóxicos. |
| Medidas de atención á diversidade |
| Inclúe os elementos curriculares na programación didáctica adaptándoos ás características do alumnado e contexto do centro. |
| Realiza a avaliación inicial co fin de identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa. |
| Propón ao alumnado a realización de actividades de recuperación e reforzo, de enriquecemento e ampliación. |
| Clima de traballo na aula |
| Procura a transparencia do proceso de avaliación. |
| Xestiona a intelixencia emocional na aula, facilitando a expresión do alumnado, ensinando estratexias comunicativas. |
| Amosa unha actitude aberta e receptiva e fomenta a interacción co alumnado. |
| Organiza actividades complementarias axeitadas que completen a aprendizaxe tendo en conta as inquiredanzas do alumnado, na procura de facer atractiva a participación no desenvolvemento das mesmas. |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| Presenta e publica a programación didáctica incidindo especialmente na metodoloxía, instrumentos e proceso de avaliación e cualificación. |
| Analiza os resultados da avaliación cos alumnos e alumnas. Informa dos logros acadados e dificultades atopadas, propoñendo estratexias de mellora. |

Descrición:

Os indicadores consisten nunha serie de items que permiten reflexionar sobre a ACTUACIÓN CO ALUMNADO e os aspectos reflectidos na PROGRAMACIÓN:

- Planificación.
- Motivación do alumnado.
- desenvolvemento do proceso de ensino.
- Idoneidade dos materiais e actividades empregados.
- seguimento e avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe.

Valoraranse de 0 a 5.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ao iniciar o curso revisárase a programación a partir das propostas de mellora recollidas na correspondente memoria do departamento do curso anterior.

A avaliación da presente programación farase a través do seguimento na aplicación Proens ao final de cada unidade didáctica por parte do/a profesor/profesora que imparta a materia e nas reunións mensuais de departamento.

Nas reunión de departamento comprobarase o grao de consecución dos obxectivos programados e as dificultades que se poidan atopar, ademais, poderán introducirse medidas correctoras se estas se estiman oportunas. Todas as posibles propostas de mellora reflectiránse na Memoria Final para introducir as modificacións necesarias na programación do curso seguinte.

As ferramentas a empregar para analizar o grao de cumprimento dos indicadores de logro poden consistir en:

- Diario de aula.
- Rúbrica de autoavaliación para cuantificar o grao de consecución de obxectivos, criterios de avaliación e contidos.
- Estatísticas de resultados.

- Cuestionarios e enquisas ao alumnado.

9. Outros apartados